# ESTRATEXIA DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA EN ESPAÑA (E4)

# PLAN DE ACCIÓN 2008-2012

"PLAN DE VEHÍCULOS EFICIENTES 2009"

## 1. OBXECTIVO

O obxectivo do "Plan de vehículos eficientes 2009" é a modernización do parque de turismos e vehículos comerciais de menos de 3.500 kg de MMA para aproveitar as vantaxes da maior eficiencia enerxética de vehículos novos que produzan un menor impacto ambiental. Así como, a promoción da diversificación enerxética no sector transporte para reducir a dependencia do petróleo.

## 2. DESCRICIÓN

Este programa ten por finalidade promover a adquisición de vehículos turismos de propulsión eléctrica, híbrida ou alimentados con gas natural, gases licuados do petróleo, ou hidróxeno, mediante a concesión de axudas económicas que diminúan o extracusto destes vehículos alternativos, en relación con vehículos equivalentes de deseño e motorización tradicional.

## 3. FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

A cantidade inicial destinada para esta convocatoria de axudas ascende a 500.000 euros. Eventualmente, esta cantidade poderase ver incrementada con partidas sobrantes da xestión do exercicio 2009 do "*Convenio Marco de Colaboración entre o Inega e o IDAE, para a definición e posta en práctica das actuacións contempladas no Plan de Acción 2008-2012, (PAE4+) da Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética en España*". De producirse esta ampliación de fondos unha vez esgotado o orzamento inicial, reabrirase o prazo de presentación das solicitudes, informando ós establecementos adheridos mediante o correo electrónico de contacto e unha nota de prensa na páxina web www.inega.es.

## 4. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

As subvencións que se outorguen ao abeiro das presentes bases reguladoras serán compatibles con outras axudas concedidas para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou da Unión Europea ou de outros organismos internacionais, sempre que o importe daqueles, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, non superen o establecido nas Directrices da Comisión Europea.

## 5. BENEFICIARIOS

Persoas físicas ou xurídicas de natureza pública ou privada residentes ou radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO PARA REALIZAR E XUSTIFICAR O INVESTIMENTO

O prazo de presentación das solicitudes de axuda comezará a contar ó día 1 de febreiro de 2010, e permanecerá aberto ata o día 30 de setembro de 2010, ou ata que se esgote o orzamento previsto para esta medida.

Considéranse proxectos subvencionables:

- As ventas de vehículos novos matriculados despois do 1 de febreiro de 2010 e ata o día 30 de setembro de 2010 ou ata a finalización dos fondos,
- As transformacións de vehículos a GLP con data de Inspección técnica de vehículos posterior ao cambio realizada durante o citado período temporal

## 7. EQUIPOS SUBVENCIONABLES E EMPRESAS ADHERIDAS

Existirán dous tipos distintos de empresas adheridas que en función da súa actividade colaborarán de xeito distinto na xestión da subvención. A continuación defínense os dous tipos de empresas colaboradoras e os equipos subvencionados a través de cada unha delas:

### Tipo A: Concesionarias (empresas que vendan vehículos)

Estas empresas colaborarán na xestión de axudas á merca de vehículos novos con categoría M1, N1 (véxase definicións no Anexo IV) ou motocicletas coas seguintes características:

- **Vehículos turismos híbridos**, sempre que teñan capacidade de tracción eléctrica ó 100%, mediante baterías e unhas emisións inferiores a 130 g de $CO_2$/km.

- **Vehículos turismos híbridos enchufables**, sempre que teñan capacidade de tracción eléctrica ó 100%, mediante baterías e unhas emisións inferiores a 130 g de $CO_2$/km.

- **Vehículos turismos eléctricos puros**. Ante a ausencia actual no mercado de vehículos eléctricos puros da categoría M1 e N1 tamén estarán incluídos nesta axuda os cuadriciclos eléctricos pesados, categoría L7e segundo o especificado na Directiva 2002/24/CE.

- Vehículos turismos de combustión directa de **hidróxeno** (admitindo neste caso os turismos bi ou multi-combustibles), ou de pilas de combustible no caso de se empece coa súa comercialización.

- Vehículos turismos bi ou multi-combustibles de **gas natural ou gases licuados do petróleo** que teñan unhas emisións inferiores a 160 g de CO2/km. Tamén estarán incluídos neste apartado todas as transformacións a GLP que acrediten (data da ITV) ser efectuadas nun prazo máximo de 3 meses desde a data da súa primeira matriculación.

- **Motocicletas eléctricas puras e híbridas** con capacidade de tracción eléctrica 100%, e ambas cunha potencia maior de 4 kW, de hidróxeno ou pila de combustible. En todos os

casos requírese que a motocicleta dispoña de matrícula ordinaria de placa branca ( matriculación como turismo).

**Tipo B: Talleres que transformen**

Estas empresas colaborarán na xestión de axudas ós vehículos con categoría M1, N1 (véxase definicións no Anexo IV) coas seguintes características:

- Vehículos turismos que utilicen **gases licuados do petróleo** e teñan unhas emisións inferiores a 160 g de $CO_2$/km.

  - Consideraranse como **novos** os vehículos que acrediten (data da ITV) ser transformados a GLP nun prazo máximo de 3 meses desde a data da súa primeira matriculación.
  - O resto de casos consideraranse **transformacións** a GLP.

Para todos os Tipos de axudas, nos casos onde o mecanismo de financiamento impida vincular o uso do ben subvencionable coa propiedade (sistemas de financiamento de “renting”, “leasing” ou outro arrendamento financeiro), a axuda destinarase á empresa propietaria do ben, que deberá xustificar ao Inega, mediante unha copia do contrato co cliente, a aplicación dun desconto no aboamento do servizo financeiro de valor igual ou superior á relación entre a axuda do programa e o prezo de mercado do ben.

Este desconto deberá aplicarse durante toda a vida do servizo financeiro, cun mínimo de 3 anos de duración, así como no valor da opción de compra neta, no caso de efectuarse a compra do ben por parte do usuario.

No caso de dúbida ou litixio á hora de establecer se un ben determinado debe ser subvencionado, será, en último caso, o criterio do Inega o que prevalecerá.

## 8. CONTÍA DA SUBVENCIÓN

Establécense os seguintes límites de axudas:

- Vehículos turismos híbridos *Full Hybrid*: importe máximo por vehículo de 2.300 €.
- Vehículos turismos híbridos *Mild Hybrid*: importe máximo por vehículo de 2.000 €.
- Vehículos turismos híbridos enchufables, eléctricos puros, de combustión directa de hidróxeno ou de pilas de combustible: importe máximo por vehículo de 7.000 €.
- Motocicletas eléctricas puras, híbridas, de hidróxeno ou pila de combustible: importe máximo de 750 €/motocicleta.

- Vehículos novos ou transformados (data da ITV) nun prazo inferior a 3 meses desde a súa primeira matriculación alimentados por gas natural e gases licuados do petróleo: importe máximo por vehículo de 2000 €.
- Transformación a GLP: importe máximo por vehículo de 450€.

En calquera caso, tanto para adquisición de vehículos coma para os servizos de financiamento por "renting", "leasing" ou outros arrendamentos financeiros, as axudas non poderán superar o 15% do prezo do mercado do vehículo, entendendo por este, o prezo que paga o consumidor ó adquirir o vehículo, é dicir, o prezo final de compra do vehículo. Por tanto, se a adquisición do vehículo a realiza un particular, o prezo de mercado será IVE incluído, mentres que no caso da adquisición de vehículos por parte de empresas, o prezo de mercado non incluiría o IVE ó non repercutirse este ó seu comprador. No caso das transformacións de vehículos a GLP o 15 % refírese á suma do custo do vehículo e a transformación.

## 9. PROCESO DE ADHESIÓN DAS EMPRESAS COLABORADORAS

Poderán ser concesionarios adheridos (empresas colaboradoras Tipo A) as empresas autorizadas para a comercialización de vehículos turismos de propulsión eléctrica, hibrida ou alimentados con gas natural, gases licuados do petróleo, ou hidróxeno, que operen na Comunidade Autónoma de Galicia e que acrediten estar dados de alta no Imposto de Actividades Económicas.

Tamén poderán adherirse (empresas colaboradoras Tipo B) os talleres autorizados para a transformación a GLP de vehículos.

O prazo para a presentación das solicitudes de adhesión comezará o 29 de decembro de 2009 e rematará o día 30 de setembro de 2010, ou na data de fin anticipado do Plan por remate de fondos.

No caso de renovación de adhesións (só valido para concesionarios e talleres adheridos na campaña *Plan de vehículos eficientes 2008*) poderá presentarse a solicitude de renovación (anexo I) con declaración xurada de que non cambian as súas circunstancias con respecto a convocatoria anterior. No caso contrario, deberán informar ao respecto achegando a xustificación documental que avale a devandita circunstancia.

No caso de altas novas de empresas colaboradoras, deberá cubrir o modelo de documento de adhesión que figura como Anexo I das presentes bases reguladoras. As empresas que desexen adherirse ao "Plan de Vehículos Eficientes" enviarán o protocolo de adhesión debidamente cuberto e asinado por duplicado, a seguinte dirección:

Inega, rúa Avelino Pousa Antelo nº 5, CP 15703, Santiago de Compostela

Xunto co Documento de solicitude de adhesión deberán enviar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI da persoa asinante.
- Certificado orixinal bancario da titularidade da conta na que desexa recibir o ingreso das axudas
- Fotocopia do derradeiro recibo do Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.) ou, no seu caso, fotocopia de alta naquel se a entidade non está obrigada ao pagamento do devandito imposto.

Se as solicitudes non reunisen os requisitos esixidos, o Inega requirirá ás empresas solicitantes para que, de ser o caso, emenden a falta ou acheguen a documentación preceptiva no prazo de dez días, con indicación expresa de que se así non se fixer teráselles por desistidos da súa petición, previa resolución, de conformidade co previsto no artigo 71.1 de la Lei 30/1992, de 26 de novembro.

O Director do Inega dictará resolución de adhesión que se notificará a través da páxina web do Inega.

Se o Inega comprobase o incumprimento dalgún dos compromisos adquiridos, poderá cancelar a adhesión do concesionario ao “Plan de Vehículos Eficientes 2009” sen dereito a ningunha reclamación por parte do infractor.

## 10. <u>COMPROMISOS DE ADHESIÓN DOS CONCESIONARIOS (Tipo A) E DOS TALLERES AUTORIZADOS (Tipo B).</u>

Os concesionarios (empresas colaboradoras Tipo A) e talleres (empresas colaboradoras Tipo B) adheridos ao “Plan de Vehículos Eficientes 2009” a través da sinatura do protocolo de adhesión, asumirán os seguintes compromisos:

1. Mostrar nun lugar visible o logotipo da iniciativa e os soportes publicitarios facilitados e informar sobre esta. Do mesmo xeito, poderán incorporar na publicidade propia os logotipos do “Plan de Vehículos Eficientes 2009” que se lle facilitarán para tal efecto. No caso de que os establementos adheridos elaboren publicidade específica para este “Plan de Vehículos Eficientes 2009” deberá incorporar a imaxe corporativa da Consellería de Economía e Industria, do Inega e do IDAE, así como a seguinte lenda:

*Logo do IDAE, logo do Inega*

*“Estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España (E4)*

*Plan de acción 2008-2012*

*Medida de RENOVACIÓN DO PARQUE AUTOMOBILÍSTICO DE VEHÍCULOS ”*

2. Cubrir convenientemente os formularios de solicitude de axuda e comprobar que a residencia do comprador está na Comunidade Autónoma de Galicia (no suposto de que o comprador manifestase residir na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu DNI non reflectise tal circunstancia, deberá acompañarse certificado de empadroamento expedido polo Concello no que radique a localidade de residencia). A aplicación informática confirmará a reserva de fondos.

3. Vender no marco da iniciativa só os vehículos que cumpran coas condicións establecidas no apartado 7 do presente documento.

4. A subvención a aplicar a cada cliente é a establecida no apartado 8 do presente documento, a súa forma de aplicación é a seguinte en función do tipo da empresa colaboradora:
   - Tipo A:

   A totalidade da subvención será aplicada directamente polo concesionario adherido ao solicitante como un desconto na factura. Con posterioridade, unha vez validada a documentación o Inega reintegrará a axuda ao concesionario.
   - Tipo B:

   A subvención será aplicada mediante un sistema mixto. Por unha parte, para materializar o compromiso do taller adherido co presente Plan este lle aplicará ao solicitante un desconto fixo de 450 € na factura da transformación. Con posterioridade, unha vez validada a documentación enviada polo taller adherido ao Inega, o Inega reintegrará ao taller os 450 € adiantados e simultáneamente transferirá directamente ao solicitante a axuda adicional que eventualmente lle corresponda. A axuda total calcularase conforme ao establecido no apartado 8 do presente documento.

5. Facilitarlle ao Inega canta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.

6. Cumprir coa normativa establecida para o desenvolvemento do "Plan de Vehículos Eficientes 2009".

## 11. PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN PARA AS AXUDAS (Tipo A e Tipo B)

1. O comprador dirixirase a un concesionario ou taller adherido a esta iniciativa e elixirá unha actuación que cumpra os requisitos mínimos esixidos na base 7 do presente documento.

2. O comerciante previamente a venta solicitará a provisión de fondos suficiente para a aplicación do desconto correspondente, aceptándose para esta comunicación o fax, ao número 981 54 15 25.

3. Unha vez se chega a un acordo a empresa colaboradora adherida, cubre o "FORMULARIO DE SOLICITUDE DE AXUDA" (Anexo II para as Tipo A e Anexo III para as Tipo B) e asegurase de que se trata dun solicitante residente na Comunidade

Autónoma de Galicia verificando o DNI, e, de ser o caso, o certificado de empadroamento na localidade de residencia.

3. Unha vez realizada a actuación subvencionable, o concesionario ou taller adherido en función do tipo:
   Tipo A: Cobra o prezo total do vehículo (IVE incluído) co desconto da axuda establecida na base 8 do presente documento.
   Tipo B: Cobra o prezo total da transformación (IVE incluído) cun desconto de 450 €.

4. O comprador asina a conformidade no formulario de solicitude de axuda (3 exemplares, quedándose con un deles) e entrega unha fotocopia do DNI e/ou certificado de empadroamento, se for necesario. No caso das axudas Tipo B o solicitante tamén deberá entregar ao taller un certificado da conta bancaria na que quere recibir a contía da subvención que exceda de 450 €.

5. O concesionario ou taller adherido remitirá ao Inega no prazo máximo dun mes a partir da realización da venda de cada vehículo a seguinte documentación:

   - Formulario de reserva de fondos asinado (Anexo II para as axudas Tipo A e Anexo III para a Tipo B).
   - Copia da factura de compraventa e xustificante bancario de pagamento
   - Fotocopia do DNI do comprador.
   - No suposto de que o comprador manifestase residir na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu DNI non reflectise tal circunstancia, deberá acompañarse certificado de empadroamento na localidade de residencia, expedido polo Concello correspondente.
   - Fotocopia do permiso de circulación.
   - Fotocopia do imposto de matriculación.
   - Autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio os Certificados de estar ao corrente nas obrigas coa Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, salvo que a contía da subvención que se vai outorgar non exceda de 3.000 euros caso no que será suficiente unha declaración responsable de acordo co modelo anexo (Anexo II /Anexo III), ou se estea exento de achegar os mencionados xustificantes do cumprimento de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais de Galicia para o ano 2008.
   - No caso dos vehículos de propulsión eléctrica deberase presentar fotocopia compulsada ou autentificada por fedatario público do "COC" do vehículo ("Certificado de Conformidade" segundo o Anexo IV da Directiva 2002/24/CE do Parlamento europeo e do Consello de 18 de marzo, relativa á homologación dos vehículos de motor, e que segundo o artigo 7 da citada directiva deben ser facilitados ao comprador polo fabricante/importador do vehículo).
   - No caso das transformacións a GLP deberase presentar copia compulsada do certificado da Inspección Técnica do Vehículo obrigatoria (ITV) despois da transformación deste, copia da ficha técnica do vehículo onde se inclúa o equipo de GLP e certificado de emisións do vehículo transformado.

6. Admitiranse facturas a partir do 1 de febreiro de 2010, ata o 30 de setembro de 2010 ou ata a finalización dos fondos especificados na base 3.

7. Cando estea completa a documentación referida no apartado catro desta base, en función do Tipo da axuda:

- Tipo A:
  O Inega abonará ao concesionario adherido o importe íntegro da subvención na conta bancaria establecida para tal efecto.
- Tipo B:
  O Inega abonará ao taller adherido os 450 € que este descontou na factura ao comprador na conta bancaria establecida para tal efecto. Do mesmo xeito, o Inega abonará directamente ao solicitante, na conta bancaria establecida para tal efecto, o importe restante da subvención.

8. O Inega informará, mediante un anuncio inserido na súa páxina web, da data en que finalicen os fondos asignados para este programa de axudas.

## 12. INCUMPRIMENTOS

O Inega resérvase o dereito de realizar cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control que se estimen oportunas para velar pola correcta aplicación dos recursos públicos.

Se no curso destas verificacións se detectase que os beneficiarios da subvención ou concesionarios adheridos incumpriron algunha das condicións establecidas no "Plan de Vehículos Eficientes 2009", esta circunstancia implicará a perda do dereito á subvención, e, se é o caso, decretarase a obriga de reintegrar ao Inega as cantidades obtidas indebidamente.

Para estes efectos, o Instituto Enerxético de Galicia dará inicio ao procedemento legal pertinente para acadar dito reintegro.

Ademais, se o infractor fose un concesionario adherido, o Inega cancelará a adhesión do concesionario ao "Plan de Vehículos Eficientes 2009".

## 13. DISPOSICIÓNS FINAIS

1. O beneficiario obrígase a facilitar canta información lle sexa requirida polo Inega no exercicio das súas funcións de fiscalización do destino das axudas.

2. Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financieiro e orzamentario de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común; e no resto da normativa que resulte de aplicación

**ANEXO I**

**"PLAN DE VEHÍCULOS EFICIENTES"**

**PROTOCOLO DE ADHESIÓN**

<table>
<tr><td colspan="2">Nome do concesionario ou taller:</td><td colspan="2">CIF:</td></tr>
<tr><td>Enderezo:</td><td>C.P.:</td><td colspan="2">Municipio:</td></tr>
<tr><td colspan="4">Cadea ou grupo comercial:</td></tr>
<tr><td colspan="4">No caso de dispoñer de varios puntos de venda na Comunidade Autónoma de Galicia, deberá presentar un protocolo de adhesión para cada un dos puntos de venda.</td></tr>
<tr><td colspan="3">Persoa de Contacto:</td><td>Cargo:</td></tr>
<tr><td>E-mail:</td><td>Teléfono:</td><td colspan="2">Fax:</td></tr>
<tr><td colspan="4">Conta corrente na que desexa recibir a axuda (20 díxitos):</td></tr>
</table>

De acordo co previsto nos artigos 5 e 6 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter xeral, o solicitante consinte á incorporación e tratamento dos datos nos ficheiros de titularidade do Inega, coa finalidade de aplicar ao presente programa de subvencións e/ou envíos informativos que puidesen resultar do seu interese. Queda igualmente informado do dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo do Inega, Rúa Avelino Pousa Antelo nº 5, CP 15703, Santiago de Compostela.

D./DNA...........................................................con N.I.F. .................................. en representación da empresa de referencia, manifesta:

- Que coñece as bases e o procedemento establecido para acceder ás axudas recollidas na convocatoria do "Plan de Vehículos Eficientes 2009" do Inega e que está de acordo e manifesta o seu sometemento expreso aos mesmos.
- Que declara ser representante da empresa .........................................., e que ostenta poder para dita representación.

| *SOLICITUDE DE ADHESIÓN* | *ACEPTACIÓN DA SOLICITUDE DE ADHESIÓN* |
|---|---|
| *Sinatura e selo do comerciante*<br>*D/DNA.:*_______________________________<br>_______,____de___________de_______ | *D. Eliseo Diéguez García*<br>*DIRECTOR DO INEGA.*<br>Santiago de Compostela_de_______de_____ |

Os concesionarios adheridos ao programa mediante a sinatura do protocolo de adhesión, asumirán os requisitos recollidos no apartado 10 das bases do **"PLAN DE VEHÍCULOS EFICIENTES E ESTACIÓNS DE RECARGA ALTERNATIVAS 2009"**

Deberá xuntar ao protocolo de adhesión fotocopia do DNI da persoa asinante, documento acreditativo da titularidade da conta corrente e fotocopia do derradeiro recibo do Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.) ou, de ser o caso, fotocopia da alta no mesmo.

O Inega facilitará as empresas adheridas a documentación necesaria e o material promocional do "Plan de Vehículos Eficientes 2009".

Se o Inega comprobase o incumprimento dalgún dos compromisos adquiridos, poderá cancelar a adhesión do concesionario ao "Plan de Vehículos Eficientes" sen dereito a ningunha reclamación por parte do infractor.

ENVIAR 2 COPIAS (Comerciante e Inega) AO SEGUINTE ENDEREZO:

Inega ("Plan de Vehículos Eficientes 2009"), Avelino Pousa Antelo, nº 5

15703 – Santiago de Compostela.

**ANEXO II**
**"PLAN DE VEHÍCULOS EFICIENTES"**

**FORMULARIO DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA VEHÍCULOS NOVOS**

**E TRANSFORMACIÓNS TRAMITADAS POR CONCESIONARIAS**

**DATOS DO CONCESIONARIO**

| | |
|---|---|
| Nome do Concesionario: | CIF: |

**DATOS DO COMPRADOR**

| | | |
|---|---|---|
| Nome e Apelidos: | | NIF: |
| Enderezo: | C.P.: | Municipio: |
| E-mail: | Teléfono: | Particular/empresa: |

De acordo co previsto nos artigos 5 e 6 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter xeral, o solicitante consinte á incorporación e tratamento dos datos nos ficheiros de titularidade do Inega, coa finalidade de aplicar ao presente programa de subvencións e/ou envíos informativos que puidesen resultar do seu interese. Queda igualmente informado do dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo do Inega, Rúa Avelino Pousa Antelo nº 5, CP 15703, Santiago de Compostela.

**CARACTERÍSTICAS DO VEHÍCULO**

| | |
|---|---|
| Tipo: * | Marca: |
| Modelo: | Novo ou transformación: |
| **Prezo total **:** | Subvención do INEGA: |

* Indique o tipo de vehículo: Híbrido Full Hybrid/ híbrido Mild Hybrid/ híbrido enchufable/ eléctrico puro/ de hidróxeno/ pila de combustible/ de gas natural ou de GLP.

** IVE incluído para particulares e non incluído para empresas.

O COMPRADOR DECLARA:

- ☐ Que lle facilitará ao Inega canta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.
- ☐ Que coñece as bases do "Plan de Vehículos Eficientes 2009" e acepta a subvención do Inega e autoriza para percibir o importe da subvención ao concesionario indicado no presente documento.
- ☐ Que non se atopa nos supostos que establece o artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121 do 13 de xuño de 2007).
- ☐ Que autoriza ao Inega para que solicite de oficio os Certificados de estar ao corrente nas obrigas coa Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a

Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, para os supostos nos que a achega da subvención exceda de 3.000 euros.

- ☐ Que para aqueles casos nos que a contía non exceda dos 3.000 euros, que se encontra ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social e non ten débedas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

- ☐ Que está exento de achegar os mencionados xustificantes do cumprimento de conformidade co disposto no artigo 48 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais de Galicia para o ano 2009.

| *Sinatura do COMPRADOR* | *Sinatura e selo do CONCESIONARIO* |
|---|---|
| *D/Dna.:*___________________________________<br><br>__________, ____de______________de_______ | *D/Dna.:*_________________________ |

Deberase xuntar ao presente formulario:

a. Copia da factura e xustificante bancario do pagamento.
b. Fotocopia do DNI do comprador.
c. No suposto de que o comprador manifestase residir na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu DNI non reflectise tal circunstancia, deberá acompañarse certificado de empadroamento na localidade de residencia, expedido polo Concello correspondente.
d. Fotocopia do permiso de circulación.
e. Fotocopia do imposto de matriculación.
f. No caso dos vehículos de propulsión eléctrica deberase presentar fotocopia compulsada ou autentificada por fedatario público do “COC” do vehículo (“Certificado de Conformidade” segundo o Anexo IV da Directiva 2002/24/CE do Parlamento europeo e do Consello de 18 de marzo, relativa á homologación dos vehículos de motor, e que segundo o artigo 7 da citada directiva deben ser facilitados ao comprador polo fabricante/importador do vehículo).
g. No caso das transformacións a GLP deberase presentar copia compulsada do certificado da Inspección Técnica do Vehículo obrigatoria (ITV) despois da transformación deste, copia da ficha técnica do vehículo onde se inclúa o equipo de GLP e certificado de emisións do vehículo transformado;

Tal documentación farase chegar ao Inega remitíndoa ao seguinte enderezo:

Inega (“Plan de Vehículos Eficientes”), Avelino Pousa Antelo, nº 5

15703 – Santiago de Compostela.

IMPRIMIR 3 COPIAS (Solicitante, concesionaria e Inega).

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO Y COMERCIO | IDAE Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía | XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA | inega INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

**ANEXO III**
**"PLAN DE VEHÍCULOS EFICIENTES"**

**FORMULARIO DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA TRANSFORMACIÓNS TRAMITADAS POR TALLERES**

**DATOS DO TALLER**

| | |
|---|---|
| Nome do taller adherido: | CIF: |

**DATOS DO COMPRADOR**

| | | |
|---|---|---|
| Nome e Apelidos: | | NIF: |
| Enderezo: | C.P.: | Municipio: |
| E-mail: | Teléfono: | Particular/empresa: |
| Nº de conta no que ingresar a subvención restante: | | |

De acordo co previsto nos artigos 5 e 6 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter xeral, o solicitante consinte á incorporación e tratamento dos datos nos ficheiros de titularidade do Inega, coa finalidade de aplicar ao presente programa de subvencións e/ou envíos informativos que puidesen resultar do seu interese. Queda igualmente informado do dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo do Inega, Rúa Avelino Pousa Antelo nº 5, CP 15703, Santiago de Compostela.

**CARACTERÍSTICAS DO VEHÍCULO**

| | |
|---|---|
| **Marca:** | **Modelo:** |
| **Custo de merca do vehículo*:** | **Custo da transformación do vehículo*:** |
| **Prezo total *:** | **Subvención total do Inega:** |
| **Desconto na factura: 450 €** | **Subvención restante a ingresar ao cliente:** |

* IVE incluído para particulares e non incluído para empresas.

O COMPRADOR DECLARA:

- ☐ Que lle facilitará ao Inega canta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.
- ☐ Que coñece as bases do "Plan de Vehículos Eficientes" e acepta a subvención do Inega e autoriza para percibir parte do importe da subvención (450 €) ao concesionario indicado no presente documento.
- ☐ Que non se atopa nos supostos que establece o artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121 do 13 de xuño de 2007).
- ☐ Que se encontra ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social e non ten débedas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

☐ Que está exento de achegar os mencionados xustificantes do cumprimento de conformidade co disposto no artigo 48 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais de Galicia para o ano 2009.

| *Sinatura do COMPRADOR*<br>*D/Dna.:*___________________________________<br><br>_________, ____de______________de_______ | *Sinatura e selo do TALLER*<br><br>*D/Dna.:*_________________________ |
|---|---|

Deberase xuntar ao presente formulario:

1 Copia da factura de merca do vehículo.
2 Copia da factura da transformación na que conste o desconto dos 450 € ao cliente e xustificante bancario do pagamento.
3 Certificado orixinal da conta bancaria na que o beneficiario desexa recibir a contía de subvención restante.
4 Fotocopia do DNI do comprador.
5 No suposto de que o comprador manifestase residir na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu DNI non reflectise tal circunstancia, deberá acompañarse certificado de empadroamento na localidade de residencia, expedido polo Concello correspondente.
6 Fotocopia do permiso de circulación.
7 Fotocopia do imposto de matriculación.
8 Copia compulsada do certificado da Inspección Técnica do Vehículo obrigatoria (ITV) despois da transformación do vehículo, copia da ficha técnica do vehículo onde se inclúa o equipo de GLP e certificado de emisións do vehículo transformado.

Tal documentación farase chegar ao Inega remitíndoa ao seguinte enderezo:

Inega (“Plan de Vehículos Eficientes 2009”), Avelino Pousa Antelo, nº 5

15703 – Santiago de Compostela.

IMPRIMIR 3 COPIAS (Solicitante, taller e Inega).

# ANEXO IV
# "PLAN DE VEHÍCULOS EFICIENTES"
## DEFINICIÓNS DOS VEHÍCULOS SUBVENCIONABLES

### ***Categorías de M1 e N1***

As categorías de vehículos M1 e N1 defínense no Anexo II da Directiva 2001/116/CE da Comisión de 20 de decembro como se recolle a continuación:

- Categoría M1: vehículos de oito prazas como máximo (excluída a do condutor) deseñados e fabricados para o transporte de pasaxeiros.

- Categoría N1: vehículos cuxa masa máxima non supere as 3,5 toneladas deseñados e fabricados para o transporte de mercadorías.

- Categoría L7e: Cuadriciclos con masa en baleiro inferior ou igual a 400 kg (550 para os vehículos destinados ao transporte de mercadorías) sen incluír a masa das baterías para os vehículos eléctricos e cun motor de potencia máxima inferior ou igual a 15 kW. Non estarán incluídos nesta categoría os cuadriciclos lixeiros con masa en baleiro inferior ou igual a 350 kg (categoría L6e) sen incluír a masa das baterías para os vehículos eléctricos, con velocidade máxima de 45 km/h e con cilindrada máxima de 50 $cm^3$, potencia neta máxima de 4 kW ou potencia continua nominal máxima de 4 kW segundo corresponda.

### ***Vehículos turismos híbridos***

A tecnoloxía híbrida é aquela que incorpora dous sistemas de almacenamento de enerxía (depósito de combustible e batería eléctrica) e dobre motorización térmica e eléctrica, de tal forma que ambas, de forma individual ou conxunta, traccionan ou participan nalgún momento na tracción do vehículo (non só no arranque). Existen dous tipos de vehículos híbridos:

- ***Full Hybrid***: Con capacidade de tracción única eléctrica de forma voluntaria polo condutor.
- ***Mild Hybrid***: Sen capacidade de tracción única eléctrica de forma voluntaria polo condutor.

### ***Vehículos turismos híbridos enchufables***

Estes vehículos ademais de ter as mesmas características que os híbridos definidos anteriormente, permiten recargar as súas baterías externamente e teñen unha autonomía mínima en modo eléctrico de 32 km (PHEV >20: Plugged-in Hybrid Electric Vehicle 20 miles or more).

### ***Vehículos turismos eléctricos puros*** (BEV: BAttery Electric Vehicle)

Vehículos eléctricos sen autorrecarga interna, entendendo por esta, a recarga das baterías a partir do motor térmico. Ante a ausencia actual no mercado de vehículos eléctricos puros da categoría M1 e N1 tamén estarán incluídos nesta axuda os cuadriciclos eléctricos pesados, categoría L7e segundo o especificado na Directiva 2002/24/CE.